

ACTA DA 4ª REUNIÓN DO CONSELLO DE ARQUIVOS DE GALICIA

Data: 27 de xaneiro de 2020

Lugar: Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia. Cidade da Cultura. Santiago de Compostela. Aula 1

Hora de comezo: 12:30 h

Hora de remate: 14,30 h

Asistentes

Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), vicepresidente 1º

Natalia Prieto Viso (D.X. de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidenta 2ª

Mª Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria

Mª del Carmen Calviño Rodríguez (subdirectora xeral de Arquivos e Museos), vogal

Mª del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal

Carmen Prieto Ramos (directora do Arquivo do Reino de Galicia), vogal

Carmen Moreiras Plaza (arquiteira do Parlamento de Galicia), vogal

Olimpia López Rodríguez (presidenta de BAMAD-Galicia), vogal

Pedro López Gómez (ex director de arquivos), vogal

Desculpan a súa ausencia

Jaime Fariña Fernández (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela), vogal

Pablo Sánchez Ferro (director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense), vogal

Dolores Sáez Madrid (subdirectora xeral de Persoal da Administración de Xustiza, en substitución do director xeral de Xustiza), vogal

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior
2. Enquisa sobre o volume documental na Xunta de Galicia
3. Presentación do borrador do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia
4. Informe sobre a aplicación de xestión documental ARQA
5. Información sobre a actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia
6. Proposta de integración no Sistema de Arquivos de Galicia do Arquivo da Fundación EXPONAV
7. Rolda de intervencións



Deliberacións

1. Lectura e aprobación acta da sesión anterior

Preside a reunión o director xeral de Política Culturais, Anxo Lorenzo Suárez, vicepresidente 1º, en substitución do conselleiro de Cultura e Turismo, que da a benvida a todos os membros e lembra que de conformidade co decreto 25/2016 que regula a composición e funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia toca renovar aos membros e nomear novos vogais.

Apróbase a acta da sesión anterior.

2. Enquisa sobre o volume documental na Xunta de Galicia

Anxo Lorenzo introduce o tema e Mª del Carmen Calviño fai a presentación. É un resumo dos datos sobre a situación documental dos Arquivos da Xunta de Galicia.

No ano 2019 cuantificáronse máis de 164 km de documentos acumulados entre os servizos centrais e os servizos territoriais da Xunta de Galicia, dos que case 69 km corresponden a servizos centrais e máis de 105 km localízanse nas xefaturas territoriais. Estes datos permiten coñecer a realidade da produción documental no ámbito da Administración autonómica: o volume documental, as condicións de custodia, as condicións dos espazos físicos de depósito así como o tipo de documentación. Destaca que un 84,85% desta documentación está sen control arquivístico e unicamente o 15,15% está baixo control por parte de persoal arquivista.

Os datos extraídos deste estudo xustifican a necesidade dun Plan de arquivos no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, a necesidade de implicar a todas as consellerías na xestión documental baixo a colaboración e as directrices da consellería con competencia en materia de arquivos e patrimonio documental, así como a necesidade de concienciar na importancia e no valor do patrimonio documental.

Pedro López expresa a súa felicitación polo traballo realizado e solicita unha copia deste documento. Acórdase mandarlle unha copia sempre que se respecte o carácter interno ata que o Plan sexa público.

3. Plan de Arquivos de Galicia

A continuación, Anxo Lorenzo presenta o borrador do Plan de Arquivos. En xuño concluíase coa necesidade de retomar o Plan encadrado na Estratexia da Cultura Galega 21, dentro da liña estratéxica 4.3 desenvolver os servizos nos arquivos públicos. Someterase en primeiro lugar á consideración deste órgano e despois someterase a análise do resto dos departamentos implicados na Xunta de Galicia.

Mª del Carmen Calviño comenta o borrador do Plan. Entrégase aos presentes unha copia do documento. Abriraase un prazo duns días por si algún membro quere facer algunha observación.

Olimpia López pregunta si hai unha previsión para que sexa definitivo. Anxo Lorenzo di que se pretende presentar no Consello da Xunta antes do verán.

Fíxase en 10 días o prazo para facer obxeccións



4. Informe sobre a aplicación de xestión documental ARQA

Anxo Lorenzo pasa a palabra a M^a del Carmen Calviño que fai unha presentación da aplicación ARQA, sistema de xestión documental para arquivos físicos de Galicia.

ARQA é un sistema de xestión documental deseñado pola Consellería de Cultura e Turismo en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) que permite a súa utilización polos diferentes arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia, tanto os integrados no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, como os arquivos dependentes doutras administracións, fundamentalmente da administración local, ou tamén arquivos de institucións de carácter privado.

A continuación coméntase a situación actual da implantación de ARQA, que comezou nos arquivos municipais.

Olimpia López pregunta pola situación da aplicación ARQA para os arquivos territoriais.

5. Información sobre a actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia

A continuación expónse unha presentación sobre a actividade realizada polo Consello de Avaliación Documental de Galicia dende o inicio da súa actividade no mes de xullo do ano 2016 ata o día de hoxe:

O Consello reuniuse seis veces en sesións ordinarias. Dítamináronse 43 propostas favorables, das que 15 foron presentadas pola Administración autonómica, 23 pola Administración Local e 5 polas Universidades galegas. Elaboráronse 36 Táboas de avaliación documental e publicáronse os seus extractos no DOG.

Recibíronse 15 solicitudes para eliminación de 27.894 unidades de instalación.

Outras actuacións do Consello foron a supervisión das Táboas de avaliación do Consello Cualificador do Consello de Contas de Galicia e a aprobación de informes sobre os criterios de avaliación para selección, transferencia da custodia e o acceso aos documentos e sobre os formularios normalizados para recoller os datos dos estudos de identificación e avaliación de series documentais e para a elaboración das Táboas de avaliación documental e do seu extracto que recollan os datos segundo o indicado no Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos.

6. Proposta de integración no Sistema de Arquivos de Galicia do Arquivo da Fundación EXPONAV

A Fundación Exposición Nacional da Construción Naval (EXPONAV) solicitou formalmente ante a Dirección Xeral de Políticas Culturais a inclusión do Arquivo da Fundación no Sistema de Arquivos de Galicia.

Esta Fundación é unha institución privada de natureza fundacional, sen fin de lucro, que conta, entre outras actividades, cun arquivo e unha biblioteca especializada en temática de construción naval. Teñen como obxectivo a organización e custodia do patrimonio inventariado e o fomento do coñecemento de todo o relativo á construción naval española e, en particular, desde o século XVIII.



Os fondos custodiados na institución están formados por: planos de proxectos de construción naval en papel vexetal (máis de 37.000), debuxos técnicos de detalle en microfichas e material fotográfico complementario (máis de 70.000 fotografías, en formato analóxico e dixital). As fotografías agrúpanse en tres coleccións diferentes: Colección ASTANO con 56.993, colección Tecnor con 12.812 e colección de Bazán con 75 DVD's.

O arquivo cumpre cos requisitos do artigo 31 da Lei 7/2014, do 26 de setembro de arquivos e documentos de Galicia, polo que se eleva a este consello informe coa proposta favorable.

Apróbase por unanimidade a integración do Arquivo da Fundación EXPONAV no Sistema de Arquivos de Galicia.

7. Rolda de intervencións

Non hai intervencións

Acordos:

1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Entregar do borrador do Plan de Arquivos aos membros do Consello e abrir un prazo de 10 para remisión de alegacións.
3. Aprobar a solicitude do Arquivo da Fundación EXPONAV para a súa integración no Sistema de Arquivos de Galicia.

Santiago de Compostela,

Vº e Prace

A secretaria

O vicepresidente,

Mª Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

